



---

**Revisando a nosa arte**  
**Luis Borrajo**

---

**Liceo de Ourense**  
Ourense  
26 de abril de 2023

40 anos coa cultura galega



Luis Borrajo (Ourense, 1950-2005) é un dos grandes nomes da escultura galega das últimas décadas do século XX. Marcado por referentes como Eduardo Chillida, Anthony Caro, David Nash e especialmente Jorge Oteiza, Borrajo non só foi un escultor innovador, senón que tamén conseguiu darlle novos folgos á escultura galega nos anos oitenta, ao entroncala coas correntes internacionais que marcaban aquela época, como a nova escultura inglesa ou o construtivismo alemán.

Logo de estudar deseño en Madrid, regresa a Ourense nos anos setenta, onde funda o grupo Deica xunto con Miguel Duán e Enrique Conde. De finais desta década son as súas esculturas en madeira baseadas en aparellos de labranza, un estudo antropolóxico dos materiais dos labregos galegos que comeza na súa estadia nas Corraíñas (Montederramo). Nos anos oitenta participa en numerosos proxectos expositivos e multidisciplinares, como a exposición do grupo Atlántica (1983) en Compostela, na Galería Gruporzán, na Casa da Parra e nas Bienais de Pontevedra ou a reforma urbanística dun barrio no Carballiño xunto ao arquitecto Fernando Blanco. Este último proxecto, unha conversa entre escultura e arquitectura demasiado avanzada para aquel tempo, foi paralizado polo propio Concello antes de ser rematado.

O proceso creativo de Borrajo levábo a realizar múltiples maquetas das obras que logo acadarían un gran tamaño no exterior. Destaca o seu dominio e finura na fundición, corte e soldadura dos metais, como se pode apreciar nas obras *Abeanco para Brancusi* (1986), *Para estar joven* (1986) ou *Xulio e os paxaros* (1987). Cómpre citar tamén *A casa da nube* (1989), escultura en aceiro corten para a Burga do Medio en Ourense, ou *Encontro cardinal* (1998), situada en Santiago de Compostela. Xa no novo milenio, en 2002 en Ourense, realiza *Desnudo feminino*, unha peza particularmente diferente na súa produción escultórica ao tratarse dunha obra figurativa.

A súa derradeira exposición, *Hueco virtual* (2005-2006), no campus universitario ourensán, con cinco pezas de aceiro, supón un regreso á súa plástica característica. A mostra foi clausurada postumamente, debido ao inesperado falecemento do artista.

Imaxe da portada: Obra de Manuel Quintana Martelo sobre unha fotografía de Mani Moretón

# Programa



17:00 horas  
Presentación

17:30 horas  
*2005: unha exposición, unha entrevista e un final...*

**M.ª Victoria Carballo-Calero**,  
catedrática de Historia da Arte  
Contemporánea da Uvigo

18:15 horas  
*Borrajo-Blanco: acordos urbanos*  
**Fernando Blanco**, arquitecto

18:45 horas  
Proxección  
*Luis Borrajo: a pegada transcendente.*  
*Material, formas e contexto*  
*1950-2005*  
**Mani Moretón**, fotógrafo

19:00 horas  
Mesa redonda  
*Borrajo: Lembranzas dun camarada*  
Modera: **Carmen Díaz**  
- **Miguel Duán**, poeta  
- **Juan Tallón**, escritor  
- **Ignacio Basallo**, escultor

20.00 horas  
Peche da xornada

## **Organiza**

Consello da Cultura Galega  
Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

## **Colabora**

Liceo de Ourense

## **Coordina**

Carmen Díaz Cacheda

## **Lugar**

Liceo de Ourense  
Rúa Valentín Lamas Carvajal,5  
32005 Ourense

## **Inscripción**

A asistencia é libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**



**Colabora**

